

A veteranía impónse nos Premios AELG

Redacción . Manuel Rivas, Ana Romaní, Marcos Calveiro, María Pilar García Negro, Manuel Lourenzo, Ramón Nicolás, Marga do Val e Alfredo Ferreiro son os nomes propios dos Premios AELG 2010. Nomes con pouso na escrita, tanto literaria coma crítica.



A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) outorgou na noite do 30 de abril os seus premios anuais durante unha cea na que participaron a meirande parte dos autores finalistas en cada unha das oito categorías que forman parte desta convocatoria.

Manuel Rivas recolleu o premio de Narrativa pola novela *Todo é silencio*, publicada por Xerais, na que o autor coruñés pescuda nos fíos do negocio do contrabando en Galiza.

Ana Romaní foi merecente do premio no eido da poesía. *Estremas*, publicado por Galaxia, é un texto que funde a pescuda da propia existencia cun cuestionamento

da propia arte poética.

No eido da literatura infantil ou xuvenil, Marcos Calveiro sumou un novo galardón ao seu moi exitoso *O pintor do sombreiro de malvas* (Xerais), que ficciona sobre a relación entre un cativo e o pintor Vincent Van Gogh.

María Pilar García Negro gañou o premio de ensaio polo seu *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo* (Sotelo Blanco) que reflexiona sobre a estratexia literaria da poeta galega, que apostou polo galego como xeito de reivindicación feminina.

En teatro, o premio foi para *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, volume publicado por Xerais e que é unha homenaxe á atmosfera do *Macbeth*, de William Shakespeare.

Marga do Val recibiu o premio á mellor tradución pola súa versión en galego de *Randea do alento*, de Herta Müller, obra publicada por Xerais.

Os dous premios "persoais" foron para Alfredo Ferreiro, polo seu blog "[O levantador de minas](#)" e para Ramón Nicolás, recoñecido pola súa ampla traxectoria no xornalismo cultural.

